# Os gravados

O **gravado** é unha disciplina artística na que o artista utiliza diferentes técnicas de impresión, que teñen en común o debuxar unha imaxe sobre unha superficie ríxida, a **matriz**, que será transferida por presión a outra superficie.








# Breve historia do gravado

- Nun sentido amplo da técnica os gravados nacen nas civilizacións antigas de Mesopotamia fai uns 4.000. cos cilindros sumerios que servían como firma dos contratos.

- Mais non será ata o s. II d. C en China cando se invente o papel, a tinta e a xilografía.

- No Renacemento co desenvolvemento da imprenta volve a rexurdir, sendo moi importante no campo da ciencia (anatomía bioloxía, botánica,...), da arte (retratos como os de Rembrandt, na esquerda) e a literatura (portadas).









Rinoceronte realizado polo artista Alberto Durero



Portada da gramática castelá de Nebrija

# Hoxe en día

Hoxe en día, e especialmente dende o século XX, úsanse técnicas de estampación, influidos polo mundo xaponés (estampas xaponesas), que chegarían a Francia influndo nunha nova xeración de artistas (carteis litográficos de Toulouse-Lautrec) e finalmente, xa coa globalizaicón e os novas formas de consumo, ás nosas camisetas (serigrafía)











# FRANCISCO DE GOYA Y LUCIENTES

# Os gravados de Goya (técnica)



# Aguaforte

- 1- Matriz cuberta de cera
- 2- Faise o debuxo
- 3- Métese en ácido
- 4- Quítase a cera



# Augatinta

- 1- Cúbrese a matriz de resina, posteriormente de barniz con diferentes grosores.
- 2-  Despois bañase en ácido.

- A **principal diferenza** coa anterior técnica é que coa augatinta conseguese mellores sombreados e máis matices.












# Os gravados de Goya (estrutura)

# Estrutura

- Os gravados teñen un tamaño a proximado dun A5 (unha postal).
- Soen estar numerados.
- Baixo o gravado hai unha frase que complementa o gravado, as veces irónica..












# Os gravados de Goya (series)

# Series de gravados

Real Academia
de Bellas Artes
de San Fernando
rabasf.com



Caprichos



Desastres da guerra



Tauromaquia



Disparates

# Temática

| Caprichos | Desastres da guerra | Tauromaquia | Disparates |
|---|---|---|---|
| Bruxas<br><br>Crítica á Igrexa<br><br>Prostitución<br><br>Falta de educación na sociedade<br><br>En xeral é unha critica á sociedade e aos seus problemas. | Violencia (guerra, masacres, violacións,...)<br><br>Inxustizas<br><br>Crítica política | Touros (hai autores que afirman que é unha crítica ao asesinato dos touros, mentres outros din o contrario). | O absurdo<br><br>Fantasía<br><br>Irracional |

# Influencia

A obra dos gravados de Goya influirá nunha grande cantidade de artistas dos século XIX, XX e XXI. Tanto na temática (crítica social, política, a violencia sen sentido das guerras), como na forma de presentar a obra, como por exemplo na obra de Castelao "Cousas"











O Guernica de Picasso

# Insult to injury dos irmáns Chapman







**Insult to Injury** (algo así como botar sal na ferida) é unha serie de obras creadas en 2003 polos artistas británicos Jake e Dinos Chapman, coñecida pola súa provocadora intervención sobre gravados orixinais da serie Os desastres da guerra de Francisco de Goya.

Critican a actual sociedade do espectáculo e a violencia, engaden a imaxes violentas máscaras que as fan ainda máis grotescas.